



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE DODRO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DO CONTORNO DA IGREXA SANTA MARÍA DE DODRO.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería, ten atribuída a competencia para a realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

2.- Antecedentes

A colaboración entre este departamento e o concello de Dodro, enmárcase na continuada colaboración entre a Consellería e as entidades locais da Comunidade Autónoma para a execución de obras e outras actuacións en materia de urbanismo (**Plan hURBE 2014-2017**). Para elo, nos orzamentos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para o ano 2016 figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación obxecto do acordo.

3.-Finalidade

A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co concello de Dodro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o trinta e un de decembro de 2016.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Dodro, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“pavimentación do contorno da igrexa Santa María de Dodro”**..





5.- Fundamentos do instrumento convencional

O Concello de Dodro (A Coruña) trata de promover unha actuación consistente na “**pavimentación do contorno da igrexa Santa María de Dodro**”.

Constitúen obxectivos do Plan *h*URBE, entre outros, os de:

- Promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica, medioambiental e social.
- Fomentar a conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico dos núcleos urbanos das vilas e tamén, no seu caso, dos núcleos rurais do territorio galego.

Para o cumprimento destes obxectivos, a Xunta de Galicia promoverá a execución de equipamentos urbanos municipais, có fin de dotar aos concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co fin de mellorar a calidade vida dos seus cidadáns e do público en xeral.

Promoveranse todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Fomentarase, así mesmo, a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo.

O concello presenta un documento técnico que define a actuación obxecto do convenio, e que en síntese, trátase da execución dun novo pavimento do camiño que dá acceso á igrexa de Santa María de Dodro, en substitución do actual aglomerado asfáltico moi deteriorado por causa das diversas intervencións de soterramento de canalizacións dos servizos existentes na zona. O novo pavimento será de lousas de granito, mais acorde co contorno da igrexa e das vivendas tradicionais de pedra do contorno. Procederase, así mesmo, a execución dunha axeitada rede de recollida de augas pluviais que impidan a escorrentía de auga pola calzada. A finalidade das actuacións é favorecer tanto o tránsito viario, como a mellora na accesibilidade para as persoas.

Realizarase o levantamento do pavimento de aglomerado asfáltico e de formigón existentes, executándose canalizacións de recollida de augas pluviais en tubaxe de PVC de 315 mm, cos correspondentes pozos de rexistro, e colocaranse reixas de fundición sobre as canles de PVC para sumidoiros.

Procederase ao pavimento do espazo con pezas granito de 40x80 cm. e 10 cm. de espesor. O treito máis próximo á estrada AC-305, pavimentarase con formigón de 15 cm. de espesor rodeado de lastras de granito de 5x5 cm.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da





devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Santiago de Compostela , 22 de xullo de 2016. María Encarnación Rivas Diaz, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

